



Lunes, 9 de febrero del 2004

- Volta a La Voz**
Portada
Cultura
Libros en PDF
- ▀ O Xabariil Blanco
 - ▀ Murguía e La Voz de Galicia
 - ▀ Eladio Rodríguez

Biblioteca Galega

«Os anuncios que aparecen nos xornais son unha fonte inesgotable de historias»

Agustín Fernández Paz, escritor


Cada día, os xornais traen un feixe de historias de todo o mundo. Os titulares recollen acontecementos, épicos, tristes, felices ou dramáticos. Pero os periódicos tamén teñen a súa letra miúda. E nela detívose Agustín Fernández Paz para escribir os relatos recollidos en «Contos por palabras». Anuncios que en principio parecen só buscar un emprego poden tirar do fio da imaxinación e abrir a porta para que o fantástico entre na vida cotiá. «Contos por palabras» foi o primeiro libro galego en acadar o Premio Lazarillo é un volume que convida a disfrutar a lectores non só novos, senón de tódalas idades.

Enviar

Imprimir noticia

Volver

Cando apareceu por primeira vez nas librerías *Contos por palabras*, houbo críticas que louvaron a imaxinación do autor Agustín Fernández Paz (nacido en Vilalba en 1947). Tanto, que algúns ata chegaron a pensar que os anuncios que encabezan cada un dos contos recollidos neste libro tamén foran inventados polo autor. O escritor empeza a entrevista cunha aclaración: «Quero dicir que son reais, algúns deles de La Voz».



mercedes moralejo

-¿E como foi o de inventar os contos a partir dun anuncio nun xornal?

-Ocorréuseme un día que aí había historias para contar. Aínda que os anuncios cambiaron moito:

hoxe parece que habería que escribir un título para *La sonrisa vertical*. Vin que nas catro ou cinco liñas dun anuncio estaba contida unha historia, así que decidín escribilas. Fixen quince ou dezaseis e logo elixín as que me pareceron as mellores. Os xornais son unha fonte inesgotable de historias.

-Dixo que era onde se atopaba a xente corrente nun xornal...

-Para min foi un abraio moi grande ver o que daban de si as historias dos anuncios. Eu lle dicía á xente que era imposible, que os xornais falaban de xente importante, pero aí estaban as historias, en cinco ou seis palabras nos anuncios.

-E de algo tan cotiá como os anuncios por palabras saen historias fantásticas.

-Eu fágoo adrede, gústame esa mestura dos elementos fantásticos con outros da vida real. Isto permítame meter personaxes que son arquetipos: polos contos aparecen Spíderman, un vampiro, un lobishome... Creo que é unha forma de ter ó lector xa medio gañado desde o principio do texto, porque son personaxes de eficacia probada.

-¿Enténdese así que na vida cotiá tamén hai momentos de aventura?

-Debaixo das páxinas deste libro latexa un xeito de entender a vida coma unha sorpresa continua. Participo desa visión do mundo chamémoslle cunqueiran, de mestura da realidade e a fantasía.

XESÚS FRAGA (A CORUÑA)

Enviar

Imprimir noticia

Volver



DESTACAMOS



Presentación
 Todos os detalles da colección.

Oferta lectores de Madrid y Barcelona



Consulte os puntos de venda.

Oferta a lectores do resto de España

Non deixe pasar a oportunidade.



ENTREVISTAS

Os autores galegos mais importantes

Consulta tódalas entrevistas



ANTERIORES

Consulta todas as obras

Lista por orde de publicación.



ENCUNTROS

- ▀ Carlos Casares
- ▀ Manuel Rivas

RELATOS

Relatos de verán 2001